



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

CHAMADA PARA COMUNICACIÓNS - CONGRESO INTERNACIONAL

1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

19-20 de xuño de 2025, Facultade de Filoloxía (USC)

Palestras plenarias confirmadas: Antón Figueroa (Profesor xubilado, USC), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).

Comité científico internacional: Ana Acuña (Universidade de Vigo), Álex Alonso Nogueira (Brooklyn College — CUNY), Arturo Casas (Universidade de Santiago de Compostela), Xosé Manuel Dasilva (Universidade de Vigo), Manuel Fordadela (Universidade de Vigo), Kirsty Hooper (University of Warwick), Germán Labrador (Princeton University – CSIC), María Xesús Lama (Universitat de Barcelona), Laura Linares (University of Limerick), Teresa López (Universidade da Coruña), Helena Miguélez Carballeira (Bangor University), Xaquín Núñez Sabarís (Universidade do Minho), Manuela Palacios (Universidade de Santiago de Compostela), María do Cebreiro Rábade (Universidade de Santiago de Compostela), Xosé Manuel Salgado (Universidade de Santiago de Compostela), Benita Sampedro (Hofstra University), Roberto Sanmartín López-Iglesias (Universidade da Coruña), Martín Veiga (University College Cork).

Comité organizador: Pablo García Martínez (dirección), Diego Rivadulla Costa (secretaría), María Xesús Nogueira Pereira, Dolores Vilavedra, Iago Casas Neo, Elisa Nieves Barreiro e Andrea Vence Muras.

Poposta de marco para o intercambio de ideas: Como acontece con calquera exercicio para a organización das repeticións e transformacións coas que convivimos ou das que tivemos noticia, este congreso parte da proposta duns límites temporais. Uns límites que poden explicarse en relación coas seis décadas que van dende a fundación da Editorial Galaxia ata o fondo repensamento do ciclo histórico ao que esta concorreu, repensamento facilitado pola dedicatoria do Día das Letras galegas ao grande ideólogo do grupo, Ramón Piñeiro. Poden explicarse, tamén, a través das seis décadas que van dende a morte no exilio porteño do gran mártir da cultura nacionalista contemporánea, Castelao, ata o final do ciclo 2005-2009 no que o paso do nacionalismo polo goberno galego supuxo un intento de reformulación das políticas culturais exercidas dende as administracións, dinámica á que non foi alleo o campo literario. Tamén poden explicarse estes límites temporais aludindo ás seis décadas que van dende que Isaac Díaz Pardo entrara en contacto co exilio republicano a

través da súa exposición de 1951 na porteña Galería Velázquez ata a súa expulsión, en 2010, das institucións que el e Luís Seoane crearan para a refracción da voz exílica á Galiza ibérica, na procura dunha modernización e internacionalización da cultura galega.

Propóñense daquela uns límites temporais forzosamente artificiais, provisorios, para, dentro deles, concentrarmos as nosas olladas na interpenetración entre a sociedade galega e un emerxente campo literario que foi escenario de produción, reprodución e crítica de textos, ademais de procesos de debate e loita por impoñer (ou destituír) formas hexemónicas de escribir. Nas décadas atendidas polo congreso, o campo literario galego foi escenario de dinámicas entre as que se inclúen a utilización da literatura como espazo posible para elusivas formulacións políticas en tempos de ditadura, as tensións entre a procura da autonomía estética e a configuración dun emerxente mercado editorial, a consolidación do campo literario como espazo protagonista no reartellamento de memorias longamente canceladas, as tensións de axentes fronte a intentos de acción heterónoma no campo literario por parte dos xestores dunha emerxente institucionalidade política e cultural, ou a contribución da literatura aos procesos de artellamento e visibilización de novas identidades de xénero, clase, xeracionais etc. Tendo presente o exposto, convídase ao envío de comunicacións sobre temas que poden incluír tanto os que a seguir se enumeran coma outros que puideran dialogar cos obxectivos do congreso:

- Estudos literarios e procesos canonizadores.
- Literatura e mercado.
- Tradución e circulación internacional de ideas.
- Criterio filolóxico, norma lingüística e campo literario.
- A censura como axente configurador no período 1950-1975.
- Grupos literarios, artísticos e outras estratexias de intervención no campo literario.
- Literatura e xénero.
- Memoria e representación, na literatura e no cinema.
- Literatura, artes visuais e debates estético-políticos.
- Literatura e historia das ideas.
- Estéticas da disidencia política.
- Diálogo internacional e autonomía estética.
- Visións comparativas: literatura, cultura e sociedade noutros campos literarios.

Linguas aceptadas: galego, portugués, castelán e inglés.

Modalidades de participación (a indicar no formulario anexo):

- a) Envío de proposta individual para unha palestra de 20 minutos.
- b) Envío de proposta de mesa, que pode consistir en
 1. Mesa con tres palestras de 20 minutos (60 minutos + debate).
 2. Mesa con dúas palestras de 30 minutos (60 minutos + debate).

Materiais a incluír na proposta de participación: ver formularios anexos.

Sitio web: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade>

Enderezo para a recepción de propostas: congreso.literatura.sociedade@usc.gal

Data límite para o envío de propostas: 28 de febreiro.

Data de comunicación da aceptación das propostas: 14 de marzo.

Prazo para de inscrición: 17 de marzo – 4 de abril.

Taxa de inscrición: 20€ para estudantes, investigadoras/es predoutorais e investigadoras/es independentes; 40€ para investigadoras/es posdoutorais; 60€ para profesoras/es.